

ENTREVISTA A JORGE GARCÍA IGLESIAS:

Jorge é un profesor de Sanidade que, o ano pasado, estivo traballando no CIFP Fontecarmoa. Da súa estancia no noso instituto gardamos un grato recordo. O motivo desta entrevista é que Jorge ven de publicar recentemente a súa primeira novela titulada “**¿Y tú, quién te crees que eres?**”. Novela que, todo o que se recade vai destinado á Asociación Española Contra o Cancro.

Entrevistador. Bo día Jorge e benvido a este que é o teu instituto. O primeiro que quería preguntar é o ¿por qué do pseudónimo Jorge Arinoa?.

Jorge. Bos días Adolfo e moitas grazas por facerme partícipe desta familia que é o CIFP Fontecarmoa. En menos de 3 anos miña vida deu un envorco co nacemento das miñas dúas fillas, Ari (Ariadna) e Noa, así que decidín renderlles unha pequena homenaxe asinando esta novela baixo pseudónimo cun apelido inventado composto a partir dos seus nomes.

Entrevistador. Para que te coñeza a xente, fálanos quen é Jorge Arinoa.

Jorge. Creo que a Jorge Arinoa defíneno as súas vivencias. Viaxei a diferentes lugares, e o máis importante, empapeime das súas xentes, os seus costumes, a súa maneira diferente de pensar. Estudei materias de ciencias e á vez de letras. Ao final creo que cada persoa é un compendio de todo o seu pasado, como é o meu caso.

Entrevistador. Despois de escribir unha novela, con todo o tempo e traballo que elo implica, ¿en qué momento se toma a decisión de doalo ao completo á loita contra o cancro?

Jorge. Ao ser profesor interino/substituto non tes continuidade na produción literaria, iso tradúcese en que vas tardar moito tempo en acabala, falamos de anos. Durante eses anos eu perdín a varios familiares por cancro. Todo iso levoume á decisión de doar o 100% dos beneficios da venda do libro.

Entrevistador. Ista é a primeira novela que publicas pero, fálanos de como xurde a túa vocación de escritor.

Jorge. A miña vocación como escritor comezou por casualidade, cando eu era moi pequeno. Non existían computadores nin impresoras como hoxe en día coñécense. Na miña primeira comunión o meu pai co diñeiro que se recadou, comprou unha máquina de escribir portátil, era un maletón xigante. Parecía máis un agasallo para el que para min. Pois decidín usalo, cando se me ocorría algo rechamante, contáballo á máquina de escribir.

Entrevistador. Vamos directamente coa novela. O título da novela é ¿Y tú quien te crees que eres?. ¿Qué quixeches transmitir con este título?

Jorge. O título está extraído da novela, pareceume provocador, un gancho para un lector que tenta atopar unha novela que lle propoña un reto ao que enfrontarse.

Entrevistador. A túa novela se podería cualificar de novela negra, suspense, policial, intriga, costumista, familiar ou romántica. ¿Cómo te gustaría cualificar a túa novela?

Jorge. Un pouquiño de cada está presente na novela, é complicada de cualificar. Eu creo que é unha novela negra desenvolvida á luz do día (as risas asolagan a entrevista). Unha novela negra que reduce o protagonismo do policía en beneficio da parte máis íntima dos seus personaxes. Un escrito que non se esquece dos costumes da terra natal do escritor. En canto á parte de intriga, cualificaría como novela policíaca, psicolóxica, filosófica ...depende o que cada un queira profundar.

Entrevistador. A obra está ambientada en Galicia. ¿Por qué te decidiches por Galicia?

Jorge. Amor á terra, hai distintas maneiras de demostralo, pareceume unha bonita oportunidade de contarlle á xente o bela que é esta zona e as súas xentes.

Entrevistador. Os que te coñecemos, observamos que ao longo das páxinas, o lector vai descubrindo algunha coincidencia con feitos particulares da túa vida. ¿Qué parte de autobiográfico ten o libro?

Jorge. Todo e nada. A novela é un compendio entre vivencias e historias inventadas, os personaxes son todos unha amálgama da xente que me rodea, aspectos propios e unha faísca de ficción.

Entrevistador. A min me gustou moito o episodio onde relatas as festas de San Xoan en A Coruña, que te fai meterte de cheo no ambiente máxico que se vive nesa noite. ¿Cómo recordas as noites de San Xoán en A Coruña?

Jorge. Máxicas! Escollín as da Coruña porque ao vivir case toda a miña vida na Coruña é o lugar onde máis veces asistín a celebrar esta festa. Moita xente asiste por primeira vez de adolescente e descobre o amor, como nunha montaña rusa, o desamor fai acto de presenza algunha vez tamén. Pero en xeral é unha homenaxe ao máxico das fogueiras de San Xoán que todo o mundo estraña.

Entrevistador. Outro episodio trata sobre O Camiño de Santiago. ¿Qué significado ten para tí ?

Jorge. O camiño de Santiago é unha conta pendente, encántame camiñar, sobre todo nunha contorna natural. Por falta de tempo funo pospoñendo, pero empapeime das historias que me contaron a xente que o fixo. Nas nosas vidas hai demasiado ruído, literal e ocupacional. O camiño de Santiago é unha pausa na vida para algo tan necesario como meditar, reflexionar, auditar a túa vida para ver se estás a facer o mellor para ti.

Entrevistador. ¿Despois de esta experiencia, vai haber máis Jorge Arinoa?. ¿Se está xestando outra novela?

Jorge. Si, de momento estou a deseñar a trama e pensando onde desenvolvea. Encantaríame, xa que esta primeira novela desenvolveuse na Coruña, Lugo e Santiago, contar con localizacións en Pontevedra e Ourense. Por exemplo, acabo de anotar a Festa dos Fachós en Castro Caldelas. Pero ata aquí podo contar...

Entrevistador: ADOLFO PEREIRO RAPOSO (Departamento de Sanidade CIFP Fontecarmoa)